

Segundo datos facilitados polo Goberno, como resposta a unha pregunta realizada polo Grupo Parlamentario Socialista, nos anos 2000 e 2001 considérase que o número de persoas con discapacidade que chegaron a aprobar nas distintas convocatorias para funcionarios da Administración xeral do Estado oscilaban arredor do 0,2 por 100. O Estado convocou un total de 94 prazas para persoas con discapacidade neses exercicios, pero unicamente se cubriron 10 prazas por persoas cun 33 por cento ou máis de minusvalidez. Desde o Executivo indícase que o número de aspirantes discapacitados é moi reducido, a pesar de que no ano 2000 se presentaron 129 persoas cun 33 por cento ou máis de minusvalidez para 44 prazas ofertadas.

En suma, as persoas con discapacidade vense sometidas a importantes barreiras para acceder ó emprego público, obstáculos que non son xustificables pois a actividade dos servizos públicos é perfectamente compatible coa capacidade e formación das persoas con discapacidade.

Sábese, pola longa experiencia da aplicación da disposición adicional décimo novena da Lei 23/1988, do 28 de xullo («Nas ofertas de emprego público reservárase unha cota non inferior ó 3 por cento das vacantes para ser cuberta entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ó 33 por cento, de modo que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais da Administración do Estado, sempre que superen as probas selectivas e que, no seu momento, acrediten o indicado grao de discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes, segundo se determine regulamentariamente»), que establecer simplemente unha cota de vacantes nas ofertas de emprego público e un obxectivo de chegar progresivamente ó dous por cento dos efectivos totais da Administración non é suficiente para que a dita meta se consiga.

A Directiva 2000/78/CE do Consello, do 27 de decembro do 2000, relativa ó establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación, obriga a que a nosa lexislación prohiba a discriminación no emprego por varios motivos, entre os que se inclúe a discapacidade, promova medidas positivas de igualdade de oportunidades e a adopción de axustes razoables que removan as barreiras ou obstáculos no acceso ó emprego e nas condicións de traballo en todo tipo de ocupación, incluída a integrada na Administración pública. Segue a facerse necesario garanti-la realización do obxectivo de alcanza-lo dous por cento dos seus efectivos elevándose a cota de prazas ofertadas pola constatación da insuficiencia da cota actual e o baixo número de prazas que se veñen convocando, tal como foi xa proposto en moitos países do noso contorno, así como nos distintos informes que ó respecto foron elaborados polo CERMI, o Real Padroado, o Defensor do Pobo e o propio dictame do Consello de Estado ó proxecto de Lei do estatuto básico da función pública que se tramitou na pasada lexislatura.

Artigo único. *Modificación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.*

Modifícase a disposición adicional décimo novena da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na redacción dada a esta pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, a cal terá o seguinte contido:

«Nas ofertas de emprego público reservárase unha cota non inferior ó cinco por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ó 33 por cento, de modo que, progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais

da Administración do Estado, sempre que superen as probas selectivas e que, no seu momento, acrediten o indicado grao de minusvalidez e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes, segundo se determine regulamentariamente.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

22718 *CORRECCIÓN de erro da Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra. («BOE» 296, do 11-12-2003.)*

Advertido erro na Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 10 en lingua galega, do 1 de agosto de 2003, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 1822, segunda columna, artigo 65, punto 1, na fórmula, onde di:

$$d'' = \frac{V'' - F'' - E'' + I''}{V - F - E + 1}$$

Debe dicir:

$$d'' = \frac{V'' - F'' - E'' + I''}{V - F - E + I}$$

22861 *LEI 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais. («BOE» 298, do 13-12-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O 11 de febreiro de 1996 entrou en vigor a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos

laborais. Esta lei, articulada sobre os principios de eficacia, coordinación e participación, ó tempo que inspirada polos obxectivos de responsabilidade e cooperación, veu cumprila esixencia dun novo enfoque normativo dirixido a lle pór termo á falta de visión unitaria da prevención de riscos laborais no noso país, a actualizar regulacións xa desfasadas, a adecua-la lexislación española á lexislación comunitaria sobre seguridade e saúde no traballo e a regular situacións novas non previstas con anterioridade.

A aplicación da Lei de prevención de riscos laborais, así como das súas disposicións de desenvolvemento ou complementarias e demais normas relativas á adopción de medidas preventivas no ámbito laboral, persegue non só a ordenación das obrigas e responsabilidades dos actores inmediatamente relacionados co feito laboral, senón fomentar unha nova cultura da prevención. Deste xeito, a esixencia dunha actuación na empresa desborda o mero cumprimento formal dun conxunto de deberes e obrigas, e require a planificación da prevención desde o momento mesmo do deseño do proxecto empresarial, a avaliación inicial dos riscos inherentes ó traballo e a súa actualización periódica a medida que se alteren as circunstancias e varíen as condicións de traballo, así como a ordenación dun conxunto coherente e integrador de medidas de acción preventiva adecuadas á natureza dos riscos e ó control da efectividade das ditas medidas.

II

Desde a entrada en vigor da Lei de prevención de riscos laborais, os poderes públicos, o Estado e as comunidades autónomas, os axentes sociais, as empresas e os traballadores e as demais entidades dedicadas á prevención de riscos laborais, desenvolveron un inxente esforzo, en tódalas ordes e cada un no seu ámbito de responsabilidade, que dotou España dun marco homologable nesta materia á política común de seguridade e saúde no traballo da Unión Europea e ás políticas desenvolvidas polos seus Estados membros.

Este esforzo debía conducir á integración da prevención de riscos laborais en tódolos niveis da empresa e a fomentar unha auténtica cultura da prevención. Sen embargo, a experiencia acumulada na posta en práctica do marco normativo, nos máis de sete anos transcorridos desde a entrada en vigor da lei, permite xa constatar tanto a existencia de certos problemas que dificultan a súa aplicación como a de determinadas insuficiencias no seu contido, que se manifestan, en termos de accidentes de traballo, na subsistencia de índices de sinistralidade laboral non desexados que reclaman actuacións tan profundas como áxiles.

A análise destes problemas pon de manifesto, entre outras cuestións, unha deficiente incorporación do novo modelo de prevención e unha falta de integración da prevención na empresa, que se evidencia en moitas ocasións no cumprimento máis formal que eficiente da normativa. Ponse ó mesmo tempo de manifesto unha falta de adecuación da normativa de prevención de riscos laborais ás novas formas de organización do traballo, en especial nas diversas formas de subcontratación e no sector da construción.

III

No mes de outubro de 2002, froito da preocupación compartida por todos pola evolución dos datos de sinistralidade laboral, o Goberno promoveu o reinicio da mesa de diálogo social en materia de prevención de riscos laborais coas organizacións empresariais e sindicais. Ademais, mantivéronse diversas reunións entre o Goberno e as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais para tratar destas cuestións de maneira conxunta.

As conclusións deste dobre diálogo, social e institucional, concretáronse nun conxunto de medidas para a reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, encamiñadas a supera-los problemas e insuficiencias respecto dos cales existe un diagnóstico común, asumidas o 30 de decembro de 2002 como acordo da mesa de diálogo social sobre prevención de riscos laborais, entre o Goberno, a Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e a Mediana Empresa, Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores. Estas medidas foron referendadas posteriormente polo Pleno da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde do 29 de xaneiro de 2003.

As medidas acordadas abarcan diferentes ámbitos: medidas para a reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, medidas en materia de Seguridade Social, medidas para o reforzamento da función de vixilancia e control do sistema de inspección de traballo e Seguridade Social e medidas para o establecemento dun novo sistema de información en materia de sinistralidade laboral.

IV

Esta lei ten por obxecto afronta-la execución das medidas contidas no Acordo do 30 de decembro de 2002, que requiren para a súa posta en práctica unha norma con rango de lei formal e que se refiren a dous ámbitos estreitamente relacionados: por un lado, a reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais; por outro, o reforzamento da función de vixilancia e control do sistema de inspección de traballo e Seguridade Social.

Como obxectivos básicos desta lei cómpre salienta-los catro seguintes:

En primeiro lugar, e como obxectivo horizontal, combater de maneira activa a sinistralidade laboral.

En segundo lugar, fomentar unha auténtica cultura da prevención dos riscos no traballo, que asegure o cumprimento efectivo e real das obrigas preventivas e proscriba o cumprimento meramente formal ou documental de tales obrigas.

En terceiro lugar, reforza-la necesidade de integra-la prevención dos riscos laborais nos sistemas de xestión da empresa.

E, en cuarto lugar, mellora-lo control do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, mediante a adecuación da norma sancionadora á norma substantiva e o reforzamento da función de vixilancia e control, no marco das comisións territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Para alcanza-los obxectivos acabados de apuntar, esta lei estrutúrase en dous capítulos: o primeiro inclúe as modificacións que se introducen na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; o segundo inclúe as modificacións que se introducen na Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

V

O capítulo I desta lei modifica diversos artigos da Lei de prevención de riscos laborais para resalta-la importancia da integración da prevención de riscos laborais na empresa.

A necesaria integración da prevención no proceso productivo e na liña xerárquica da empresa, aínda que é descrita na exposición de motivos da propia Lei 31/1995 e está reflectida entre os principios xerais da acción preventiva na alínea g) do artigo 15.1 e como obriga asociada á propia actividade productiva no arti-

go 16.2, debe ser destacada e resaltada na lei como aquilo que permite asegura-lo control dos riscos, a eficacia das medidas preventivas e a detección de deficiencias que dan lugar a novos riscos.

Esta integración da prevención que se detalla nos artigos 1 e 2 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, Regulamento dos servicios de prevención, enúnciase agora como a primeira obriga da empresa e como a primeira actividade de asesoramento e apoio que debe facilitarlle un servicio de prevención, todo iso para asegura-la integración e evitar cumprimentos meramente formais e non eficientes da normativa.

Con esa finalidade, modifícase o artigo 14.2 da Lei 31/1995 para destacar que, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención de riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa que se concretará na implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais. Esta responsabilidade do empresario desenvolverase mediante o seguimento permanente da actividade preventiva, co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control de riscos.

Así mesmo, modifícase o artigo 16 subliñando o deber de integra-la prevención no sistema de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades coma en tódolos niveis xerárquicos dela, precisamente a través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais para o que se determina o contido. Para a xestión e aplicación deste plan son instrumentos esenciais a avaliación de riscos laborais e a planificación da actividade preventiva.

Complétanse as modificacións tendentes a conseguir unha efectiva integración da prevención na empresa cos cambios nos artigos 23 e 31 da Lei de prevención de riscos laborais. No artigo 23 incorporábase como primeiro documento para elaborar polo empresario, con base no cal se articulará toda a acción preventiva, o plan de prevención de riscos laborais, ben entendido que un mero documento non asegura a integración da prevención na empresa e que o realmente eficaz é a súa xestión e aplicación real e efectiva na empresa. No artigo 31 salientábase como propio e primordial da competencia técnica dos servicios de prevención e materia en que, en consecuencia, deberán estar en condicións de proporcionar á empresa o asesoramento e apoio que precise en función dos tipos de risco nela existentes, non só o deseño, senón tamén a implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais. Establécese igualmente con claridade, como cometido dos servicios de prevención, o asesoramento e apoio para a posterior planificación da actividade preventiva.

Finalmente, incorpórase un novo artigo e unha nova disposición adicional á Lei 31/1995 para dispor que a presenza no centro de traballo dos recursos preventivos do empresario, calquera que sexa a modalidade de organización dos ditos recursos, será necesaria en determinados supostos e situacións de especial risco e perigosidade, debendo permanecer tales recursos preventivos no centro de traballo durante o tempo en que se manteña a situación que determine a súa presenza.

Entre os supostos que determinan a necesidade de presenza dos recursos preventivos inclúense aqueles en que os riscos se poden ver agravados ou modificados durante o desenvolvemento dos procesos ou actividades, pola concorrencia de operacións diversas que se desenvolvan sucesiva ou simultaneamente e que fagan preciso un control específico da correcta aplicación dos métodos de traballo.

A lei non se refire, por tanto, a calquera suposto de concorrencia de operacións sucesivas ou simultáneas, senón soamente a aqueles que, ademais, fan preciso

un control específico de cómo se aplican os métodos de traballo, dado que unha aplicación inadecuada de tales métodos podería dar lugar a ese agravamento ou modificación do risco. Iso preténdese realizar a través da presenza dos recursos preventivos, que servirán para garanti-lo estricto cumprimento dos métodos de traballo e, por tanto, o control do risco.

A lei quere referir aquí a actividades tales como as obras de construción ou a construción naval, en que a investigación de accidentes demostrou que un gran número destes ten a súa orixe precisamente no agravamento ou modificación dos riscos nesas circunstancias, o que se pretende evitar mediante esta medida.

Tendo en conta as súas particulares características, establécese unha regulación concreta para a presenza dos recursos preventivos nas obras de construción.

En todo caso, cómpre sinalar que a integración da prevención de riscos laborais na empresa se axustará ó establecido nos artigos 36 e 39 da Lei 31/1995 sobre competencias e facultades dos delegados de prevención e do Comité de Seguridade e Saúde.

Ademais, este capítulo incorpora un novo punto ó artigo 24, para deixar constancia de que as obrigas de coordinación que nel se regulan deberán ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

VI

O capítulo II desta lei inclúe a reforma da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, para melloralo control do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Para combatalo cumprimento meramente formal ou documental das obrigas en materia de prevención de riscos laborais, os tipos infractores redáctanse precisando que as obrigas preventivas se deberán cumprir co alcance e cos contidos establecidos na normativa de prevención de riscos laborais.

Modifícase tamén a Lei de infraccións e sancións na orde social para asegura-lo cumprimento efectivo das súas obrigas polos diferentes suxeitos responsables en materia de prevención de riscos laborais: titulares de centros de traballo, empresarios, promotores de obras, entidades auditoras e entidades formativas en prevención de riscos laborais.

Tras quedaren perfiladas determinadas obrigas preventivas mediante as modificacións introducidas na Lei de prevención de riscos laborais, acomódase a Lei sobre infraccións e sancións na orde social a tales obrigas en cuestións tales como a integración da prevención de riscos laborais, as infraccións dos empresarios titulares do centro de traballo e a falta de presenza dos recursos preventivos. Ademais, mellórase a sistemática e precísanse os tipos das infraccións no ámbito de aplicación do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

Así mesmo, para melloralo coordinación entre empresas de traballo temporal e empresas usuarias, tipifícase na Lei de infraccións e sancións na orde social como infracción grave da empresa usuaria permiti-lo inicio da prestación de servicios dos traballadores postos á disposición sen ter constancia documental de que recibiron as informacións relativas ós riscos e medidas preventivas, posúen a formación específica necesaria e contan cun estado de saúde compatible co posto de traballo que deben desempeñar.

Mención singular merece a tipificación como infracción moi grave da subscrición de pactos que teñan por obxecto a elusión, en fraude de lei, da responsabilidade solidaria establecida no artigo 42.3 da Lei de prevención

de riscos laborais, artigo que, ademais, reflicte expresamente que os pactos que teñan por obxecto a elusión, en fraude de lei, da responsabilidade solidaria definida no propio artigo son nulos e non producen efecto ningún. E iso porque, calquera pacto que pretenda modificar un esquema de responsabilidades administrativas legalmente definido e taxado non pode te-lo efecto pretendido e debe terse por non posto, a teor do previsto no artigo 6.3 do Código civil, segundo o cal «os actos contrarios ás normas imperativas e ás prohibitivas son nulos de pleno dereito».

VII

Como xa se apuntou antes, o diálogo social e institucional tamén puxo de manifesto a conveniencia de reforza-las funcións de control público no cumprimento das obrigas preventivas por quen resulte obrigado.

Para tal efecto, e sobre a experiencia das tres últimas décadas, esta lei actualiza a colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social por parte dos funcionarios técnicos de dependencia autonómica que xa dispuñan de cometidos de comprobación nas empresas, dotando estas funcións das correspondentes garantías en canto ó seu desenvolvemento e ó respecto do principio de seguridade xurídica, perfectamente compatibles co impulso dos efectos disuasivos ante incumprimentos que, en definitiva, persegue toda acción pública de verificación e control.

Con esta finalidade, introdúcense determinadas modificacións nos artigos 9 e 43 da Lei de prevención de riscos laborais e nos artigos 39, 50 e 53 da Lei de infraccións e sancións na orde social.

CAPÍTULO I

Modificacións que se introducen na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais

Artigo primeiro. *Colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

Os artigos da Lei de prevención de riscos laborais que se relacionan a continuación quedan modificados nos seguintes termos:

Un. O punto 2 do artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«2. As administracións xeral do Estado e das comunidades autónomas adoptarán, nos seus respectivos ámbitos de competencia, as medidas necesarias para garanti-la colaboración pericial e o asesoramento técnico necesarios á Inspección de Traballo e Seguridade Social que, no ámbito da Administración xeral do Estado, serán prestados polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

Estas administracións públicas elaborarán e coordinarán plans de actuación, nos seus respectivos ámbitos competenciais e territoriais, para contribuíren ó desenvolvemento das actuacións preventivas nas empresas, especialmente as de mediano e pequeno tamaño e as de sectores de actividade con maior nivel de risco ou de sinistralidade, a través de accións de asesoramento, de información, de formación e de asistencia técnica.

No exercicio de tales cometidos, os funcionarios públicos das citadas administracións que exerzan labores técnicos en materia de prevención de riscos laborais a que se refire o parágrafo anterior, poderán desempeñar funcións de asesoramento, información e comprobatorias das condicións de segu-

ridade e saúde nas empresas e centros de traballo, co alcance sinalado no punto 3 deste artigo e coa capacidade de requirimento a que se refire o artigo 43 desta lei, todo iso na forma que se determine regulamentariamente.

As referidas actuacións comprobatorias programaraas a respectiva Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social a que se refire o artigo 17.2 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social para a súa integración no plan de acción en seguridade e saúde laboral da Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Dous. Engádese un novo punto 3 ó artigo 9 coa seguinte redacción:

«3. Cando das actuacións de comprobación a que se refire o punto anterior se deduza a existencia de infracción, e sempre que mediase incumprimento de previo requirimento, o funcionario actuante remitirá informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social, no cal se recollerán os feitos comprobados, para efectos de que se levante a correspondente acta de infracción, se así procedese.

Para estes efectos, os feitos relativos ás actuacións de comprobación das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde recollidos en tales informes gozarán da presunción de certeza a que se refire a disposición adicional cuarta, punto 2, da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Tres. Engádeselle un novo punto 4 ó artigo 9 coa seguinte redacción:

«4. As actuacións previstas nos dous puntos anteriores estarán suxeitas ós prazos establecidos no artigo 14, punto 2, da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Artigo segundo. *Integración da prevención de riscos laborais na empresa.*

Os artigos da Lei de prevención de riscos laborais que se relacionan a continuación quedan modificados nos seguintes termos:

Un. O punto 2 do artigo 14 queda redactado da seguinte forma:

«2. En cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garanti-la seguridade e a saúde dos traballadores ó seu servizo en tódolos aspectos relacionados co traballo. Para estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores, coas especialidades que se recollen nos artigos seguintes en materia de plan de prevención de riscos laborais, avaliación de riscos, información, consulta e participación e formación dos traballadores, actuación en casos de emerxencia e de risco grave e inminente, vixilancia da saúde, e mediante a constitución dunha organización e dos medios necesarios nos termos establecidos no capítulo IV desta lei.

O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos

riscos que non se puidesen evitar e os niveis de protección existentes e disporá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas no parágrafo anterior ás modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización do traballo.»

Dous. Modifícase o título do artigo 16, que pasa a denominarse «Plan de prevención de riscos laborais, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva» e dáseles unha nova redacción ós puntos 1 e 2 do dito artigo, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A prevención de riscos laborais deberase integrar no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades coma en tódolos niveis xerárquicos desta, a través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais a que se refire o parágrafo seguinte.

Este plan de prevención de riscos laborais deberá incluí-la estrutura organizativa, as responsabilidades, as funcións, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios para realiza-la acción de prevención de riscos na empresa, nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. Os instrumentos esenciais para a xestión e aplicación do plan de prevención de riscos, que poderán ser levados a cabo por fases de forma programada, son a avaliación de riscos laborais e a planificación da actividade preventiva a que se refiren os parágrafos seguintes:

a) O empresario deberá realizar unha avaliación inicial dos riscos para a seguridade e saúde dos traballadores, tendo en conta, con carácter xeral, a natureza da actividade, as características dos postos de traballo existentes e dos traballadores que os deban desempeñar. Igual avaliación se deberá facer con ocasión da elección dos equipos de traballo, das substancias ou preparados químicos e do acondicionamento dos lugares de traballo. A avaliación inicial terá en conta aquelas outras actuacións que deban desenvolverse de conformidade co disposto na normativa sobre protección de riscos específicos e actividades de especial perigosidade. A avaliación será actualizada cando cambien as condicións de traballo e, en todo caso, someterase a consideración e revisarse, se for necesario, con ocasión dos danos para a saúde que se produxisen.

Cando o resultado da avaliación o fixese necesario, o empresario realizará controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores na prestación dos seus servizos, para detectar situacións potencialmente perigosas.

b) Se os resultados da avaliación prevista na alínea a) puxesen de manifesto situacións de risco, o empresario realizará aquelas actividades preventivas necesarias para eliminar ou reducir e controlar tales riscos. As ditas actividades serán obxecto de planificación polo empresario, incluíndo para cada actividade preventiva o prazo para a levar a cabo, a designación de responsables e os recursos humanos e materiais necesarios para a súa execución.

O empresario deberá asegurarse da efectiva execución das actividades preventivas incluídas na planificación, efectuando para iso un seguimento continuo dela.

As actividades de prevención deberán ser modificadas cando aprecie o empresario, como consecuencia dos controis periódicos previstos na alínea a) anterior, a súa inadecuación ós fins de protección requiridos.»

Tres. As alíneas a), b) e c) do punto 1 do artigo 23 quedan redactadas da seguinte maneira:

«a) Plan de prevención de riscos laborais, conforme o previsto no punto 1 do artigo 16 desta lei.

b) Avaliación dos riscos para a seguridade e a saúde no traballo, incluído o resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, do acordo co disposto na alínea a) do punto 2 do artigo 16 desta lei.

c) Planificación da actividade preventiva, incluídas as medidas de protección e de prevención que hai que adoptar e, se é o caso, material de protección que deba utilizarse, de conformidade coa alínea b) do punto 2 do artigo 16 desta lei.»

Artigo terceiro. *Coordinación de actividades empresariais.*

Engádeselle un punto 6 ó artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais coa seguinte redacción:

«6. As obrigas previstas neste artigo serán desenvolvidas regulamentariamente.»

Artigo cuarto. *Organización de recursos para as actividades preventivas.*

Os artigos da Lei de prevención de riscos laborais que se relacionan a continuación quedan modificados nos seguintes termos:

Un. A alínea a) do punto 3 do artigo 31 queda redactado da forma seguinte:

«a) O deseño, a implantación e a aplicación dun plan de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa.»

Dous. A alínea c) do punto 3 do artigo 31 queda redactado da forma seguinte:

«c) A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e a vixilancia da súa eficacia.»

Tres. Engádesse, dentro do capítulo IV, un novo artigo 32 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 32 bis. *Presencia dos recursos preventivos.*

1. A presenza no centro de traballo dos recursos preventivos, calquera que sexa a modalidade de organización dos ditos recursos, será necesaria nos seguintes casos:

a) Cando os riscos se poidan ver agravados ou modificados no desenvolvemento do proceso ou da actividade, pola concorrencia de operacións diversas que se desenvolvan sucesiva ou simultaneamente e que fagan preciso o control da correcta aplicación dos métodos de traballo.

b) Cando se realicen actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais.

c) Cando a necesidade da dita presenza sexa requirida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, se as circunstancias do caso así o esixisen debido ás condicións de traballo detectadas.

2. Considéranse recursos preventivos, ós que o empresario poderá asignar a presenza, os seguintes:

- a) Un ou varios traballadores designados da empresa.
- b) Un ou varios membros do servizo de prevención propio da empresa.
- c) Un ou varios membros do ou dos servizos de prevención alleos concertados pola empresa.

Cando a presenza sexa realizada por diferentes recursos preventivos, estes deberán colaborar entre si.

3. Os recursos preventivos a que se refire o punto anterior deberán ter a capacidade suficiente, dispor dos medios necesarios e ser suficientes en número para vixialo cumprimento das actividades preventivas, debendo permanecer no centro de traballo durante o tempo en que se manteña a situación que determine a súa presenza.

4. Non obstante o sinalado nos puntos anteriores, o empresario poderá asignar a presenza de forma expresa a un ou varios traballadores da empresa que, sen formaren parte do servizo de prevención propio nin seren traballadores designados, reúnan os coñecementos, a cualificación e a experiencia necesarios nas actividades ou procesos a que se refire o punto 1 e contén coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións do nivel básico.

Neste suposto, tales traballadores deberán manter a necesaria colaboración cos recursos preventivos do empresario.»

Artigo quinto. *Competencias do Comité de Seguridade e Saúde.*

A alínea a) do punto 1 do artigo 39 da Lei de prevención de riscos laborais queda redactada da seguinte maneira:

«a) Participar na elaboración, posta en práctica e avaliación dos plans e programas de prevención de riscos na empresa. Para tal efecto, no seu seo debateranse, antes da súa posta en práctica e no referente á súa incidencia na prevención de riscos, os proxectos en materia de planificación, organización do traballo e introducción de novas tecnoloxías, organización e desenvolvemento das actividades de protección e prevención a que se refire o artigo 16 desta lei e proxecto e organización da formación en materia preventiva.»

Artigo sexto. *Reforzamento da vixilancia e do control do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.*

Engádeselle un novo punto 3 ó artigo 43 da Lei de prevención de riscos laborais coa seguinte redacción:

«3. Os requirimentos efectuados polos funcionarios públicos a que se refire o artigo 9.2 desta lei, en exercicio das súas funcións de apoio e colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, practícanse cos requisitos e efectos establecidos no punto anterior, podendo reflectirse no libro de visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.»

Artigo sétimo. *Coordinación de actividades empresariais nas obras de construción.*

Engádeselle unha nova disposición adicional, a décimo cuarta, á Lei de prevención de riscos laborais coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Presencia de recursos preventivos nas obras de construción.*

1. O disposto no artigo 32 bis da Lei de prevención de riscos laborais será de aplicación nas obras de construción reguladas polo Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, coas seguintes especialidades:

- a) A preceptiva presenza de recursos preventivos aplicarase a cada contratista.
- b) No suposto previsto no punto 1, alínea a), do artigo 32 bis, a presenza dos recursos preventivos de cada contratista será necesaria cando, durante a obra, se desenvolvan traballos con riscos especiais, tal e como se definen no citado real decreto.
- c) A preceptiva presenza de recursos preventivos terá como obxecto vixialo cumprimento das medidas incluídas no plan de seguridade e saúde no traballo e comproba-la eficacia destas.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo das obrigas do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.»

Artigo oitavo. *Habilitación de funcionarios públicos.*

Engádeselle unha nova disposición adicional, a décimo quinta, á Lei de prevención de riscos laborais coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta. *Habilitación de funcionarios públicos.*

Para poderen exercer as funcións establecidas no punto 2 do artigo 9 desta lei, os funcionarios públicos das comunidades autónomas deberán contar cunha habilitación específica expedida pola súa propia comunidade autónoma, nos termos que se determinen regulamentariamente.

En todo caso, tales funcionarios deberán pertencer ós grupos de titulación A ou B e acreditar formación específica en materia de prevención de riscos laborais.»

CAPÍTULO II

Modificacións que se introducen na Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto

Artigo noveno. *Suxeitos responsables e concepto de infracción.*

Os artigos da Lei sobre infraccións e sancións na orde social que se relacionan a continuación quedan modificados nos termos seguintes:

Un. O punto 8 do artigo 2 queda redactado da forma seguinte:

«8. Os empresarios titulares de centro de traballo, os promotores e propietarios de obra e os

traballadores por conta propia que incumpran as obrigas que deriven da normativa de prevención de riscos laborais.»

Dous. O punto 2 do artigo 5 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Son infraccións laborais en materia de prevención de riscos laborais as accións ou omisións dos diferentes suxeitos responsables que incumpran as normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de seguridade e saúde no traballo, suxeitas a responsabilidade conforme esta lei.»

Artigo décimo. *Infraccións graves en materia de prevención de riscos laborais.*

Os puntos do artigo 12 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social que se relacionan a continuación quedan modificados nos termos seguintes:

Un. O punto 1 queda redactado da seguinte forma:

«1. a) Incumpri-la obriga de integra-la prevención de riscos laborais na empresa a través da implantación e aplicación dun plan de prevención, co alcance e contido establecidos na normativa de prevención de riscos laborais.

b) Non levar a cabo as avaliacións de riscos e, se é o caso, as súas actualizacións e revisións, así como os controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores que procedan, ou non realizar aquelas actividades de prevención que fixesen necesarios os resultados das avaliacións, co alcance e contido establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.»

Dous. O punto 6 queda redactado da maneira seguinte:

«6. Incumpri-la obriga de efectua-la planificación da actividade preventiva que derive como necesaria da avaliación de riscos, ou non realiza-lo seu seguimento, co alcance e contido establecidos na normativa de prevención de riscos laborais.»

Tres. O punto 14 queda redactado da seguinte forma:

«14. Non adopta-lo empresario titular do centro de traballo as medidas necesarias para garantir que aqueloutros que desenvolvan actividades nel reciban a información e as instrucións adecuadas sobre os riscos existentes e as medidas de protección, prevención e emerxencia, na forma e co contido establecidos na normativa de prevención de riscos laborais.»

Catro. O punto 15 queda redactado da maneira seguinte:

«15. a) Non designar un ou varios traballadores para ocuparse das actividades de protección e prevención na empresa ou non organizar ou concertar un servizo de prevención cando iso sexa preceptivo, ou non dota-los recursos preventivos dos medios que sexan necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas.

b) A falta de presenza dos recursos preventivos cando iso sexa preceptivo ou o incumprimento das obrigas derivadas da súa presenza.»

Cinco. O punto 19 queda redactado da seguinte forma:

«19. Non lles facilitar ós traballadores designados ou ó servizo de prevención o acceso á información e documentación sinaladas no punto 1 do artigo 18 e no punto 1 do artigo 23 da Lei de prevención de riscos laborais.»

Seis. Engádesse un novo punto 23 coa seguinte redacción:

«23. No ámbito de aplicación do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción:

a) Incumpri-la obriga de elabora-lo plan de seguridade e saúde no traballo co alcance e contido establecidos na normativa de prevención de riscos laborais, en particular, por carecer dun contido real e adecuado ós riscos específicos para a seguridade e a saúde dos traballadores da obra ou por non adaptarse ás características particulares das actividades ou ós procedementos desenvolvidos ou do contorno dos postos de traballo.

b) Incumpri-la obriga de realiza-lo seguimento do plan de seguridade e saúde no traballo, co alcance e contido establecidos na normativa de prevención de riscos laborais.»

Sete. Engádesse un novo punto 24 coa seguinte redacción:

«24. No ámbito de aplicación do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, o incumprimento das seguintes obrigas correspondentes ó promotor:

a) Non designa-los coordinadores en materia de seguridade e saúde cando iso sexa preceptivo.

b) Incumpri-la obriga de que se elabore o estudo ou, se é o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, cando iso sexa preceptivo, co alcance e contido establecidos na normativa de prevención de riscos laborais, ou cando tales estudos presenten deficiencias ou carencias significativas e graves en relación coa seguridade e a saúde na obra.

c) Non adopta-las medidas necesarias para garantir, na forma e co alcance e contido previstos na normativa de prevención, que os empresarios que desenvolven actividades na obra reciban a información e as instrucións adecuadas sobre os riscos e as medidas de protección, prevención e emerxencia.

d) Non cumpriren os coordinadores en materia de seguridade e saúde as obrigas establecidas no artigo 9 do Real decreto 1627/1997 como consecuencia da súa falta de presenza, dedicación ou actividade na obra.

e) Non cumpriren os coordinadores en materia de seguridade e saúde as obrigas, distintas das citadas nos parágrafos anteriores, establecidas na normativa de prevención de riscos laborais cando tales incumprimentos teñan ou poidan ter repercusión grave en relación coa seguridade e saúde na obra.»

Oito. Engádesse un novo punto 25 coa seguinte redacción:

«25. Incumpri-las obrigas derivadas de actividades correspondentes ás persoas ou entidades

que desenvolvan a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas, do acordo coa normativa aplicable.»

Nove. Engádesse un novo punto 26 coa seguinte redacción:

«26. Incumprí-las obrigas derivadas de actividades correspondentes a entidades acreditadas para desenvolver e certificar a formación en materia de prevención de riscos laborais, do acordo coa normativa aplicable.»

Artigo undécimo. *Infraccións moi graves en materia de prevención de riscos laborais.*

Os puntos do artigo 13 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social que se relacionan a continuación quedan modificados nos termos seguintes:

Un. O punto 8 queda redactado da seguinte forma:

«8. a) Non adopta-lo promotor ou o empresario titular do centro de traballo as medidas necesarias para garantir que aqueles outros que desenvolvan actividades nel reciban a información e as instrucións adecuadas, na forma e co contido e alcance establecidos na normativa de prevención de riscos laborais, sobre os riscos e as medidas de protección, prevención e emerxencia cando se trate de actividades regulamentariamente consideradas como perigosas ou con riscos especiais.

b) A falta de presenza dos recursos preventivos cando iso sexa preceptivo ou o incumprimento das obrigas derivadas da súa presenza, cando se trate de actividades regulamentariamente consideradas como perigosas ou con riscos especiais.»

Dous. Engádesse un novo punto 13, coa seguinte redacción:

«13. A alteración ou o falseamento, polas persoas ou entidades que desenvolvan a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas, do contido do informe da empresa auditada.»

Tres. Engádesse un novo punto 14 coa seguinte redacción:

«14. A subscrición de pactos que teñan por obxecto a elusión, en fraude de lei, das responsabilidades establecidas no punto 3 do artigo 42 desta lei.»

Artigo duodécimo. *Infraccións das empresas usuarias.*

Introdúcese unha nova alínea f) no punto 2 do artigo 19 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactado da seguinte forma:

«f) Permitti-lo inicio da prestación de servizos dos traballadores postos á disposición sen ter constancia documental de que recibiron as informacións relativas ós riscos e ás medidas preventivas, posúen a formación específica necesaria e contan cun estado de saúde compatible co posto de traballo que deben desempeñar.»

Artigo décimo terceiro. *Criterios de gradación das sancións.*

A alínea f) do punto 3 do artigo 39 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social queda redactada da seguinte forma:

«f) O incumprimento das advertencias ou requirimentos previos a que se refire o artigo 43 da

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.»

Artigo décimo cuarto. *Responsabilidade empresarial.*

Engádeselle un último parágrafo ó punto 3 do artigo 42 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social coa seguinte redacción:

«Os pactos que teñan por obxecto a elusión, en fraude de lei, das responsabilidades establecidas neste punto, son nulos e non producirán efecto ningún.»

Artigo décimo quinto. *Infraccións por obstrución.*

Engádesse un novo parágrafo ó final do punto 2 do artigo 50 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social coa seguinte redacción:

«Terán a mesma consideración as condutas sinaladas no parágrafo anterior que afecten o exercicio dos cometidos asignados ós funcionarios públicos a que se refire o artigo 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nas súas actuacións de comprobación en apoio da Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Artigo décimo sexto.

Engádeselle un novo punto 3 ó artigo 52 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social coa seguinte redacción:

«3. Así mesmo, o Ministerio Fiscal deberalles notificar, en todo caso, á autoridade laboral e á Inspección de Traballo e Seguridade Social a existencia dun procedemento penal sobre feitos que poidan resultar constitutivos de infracción. A dita notificación producirá a paralización do procedemento ata o momento en que o Ministerio Fiscal lle notifique á autoridade laboral a firmeza da sentenza ou o auto de sobresemento dictado pola autoridade xudicial.»

Artigo décimo sétimo. *Contido das actas.*

Engádeselle un punto 5 ó artigo 53 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social coa seguinte redacción:

«5. Cando a acta de infracción se practique como consecuencia de informe emitido polos funcionarios técnicos a que se refire o artigo 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, incorporárase ó seu texto o relato de feitos do correspondente informe así como os demais datos relevantes deste, co carácter sinalado no artigo 9.3 da citada lei.

A Inspección de Traballo e Seguridade Social solicitará dos funcionarios públicos referidos a emenda dos seus informes cando considere que o relato de feitos contido é insuficiente para efectos sancionadores, procedendo ó seu arquivo se non se emendase en termo de 15 días e sen prexuízo de novas comprobacións.»

Disposición adicional única. *Fundamento constitucional.*

A cualificación competencial contida na disposición adicional terceira da Lei 31/1995, do 8 de novembro,

de prevención de riscos laborais, non queda alterada polas modificacións que dela se levan a cabo mediante esta lei, con excepción da correspondente á relación de artigos do punto 2, a), da dita disposición, ós que deben engadirse os artigos 24, punto 6, e 32 bis.

Disposición transitoria única. *Documentación do plan de prevención de riscos laborais.*

Os empresarios que, no momento da entrada en vigor desta lei, non documentasen o plan de prevención de riscos laborais a que se refire a nova redacción do artigo 16.1 da Lei de prevención de riscos laborais e o artigo 2.1 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servicios de prevención, deberán proceder a formalizalo por escrito dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

22863 *REAL DECRETO 1507/2003, do 28 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de control das pragas de lagosta e outros ortópteros.* («BOE» 298, do 13-12-2003.)

As pragas de lagosta, *Dociostaurus maroccanus* (Thunberg) e *Schistocerca gregaria* (Forskål), e outros ortópteros constitúen para as colleitas dos cultivos agrícolas en xeral un risco sempre presente na maior parte do territorio nacional, aínda que as súas poboacións se encontren normalmente localizadas en áreas xeográficas concretas ou ameacen determinadas rexións.

A intensidade destas pragas, así como a súa extensión e técnicas requiridas para o control das súas poboacións, esixen o emprego de medios extraordinarios de loita, non asumibles normalmente polos particulares. Por outra parte, polas características especiais da súa evolución biolóxica e dispersión territorial, é imprescindible combatelas en estados, localizacións ou fases en que os tratamentos fitosanitarios non teñen interese directo para os propietarios afectados por non incidiren economicamente nas súas producións ou propiedades.

Por todo iso, considerouse necesario adoptar un programa nacional de control das poboacións das pragas de lagosta e outros ortópteros de conformidade co artigo 15 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, no cal se establezan as medidas e actuacións

mínimas para a prevención e loita contra esas pragas, que revestirán a cualificación de utilidade pública. Todo iso, logo de informe do Comité Fitosanitario Nacional, de conformidade co artigo 6.a) do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación e control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos en territorio nacional.

Na elaboración desta disposición foron consultados os sectores afectados, así como as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto cualificar de utilidade pública a loita contra as pragas de lagosta e outros ortópteros asociados e establece-lo programa nacional de control das ditas pragas, de acordo co disposto no artigo 15 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O programa que se aproba e as medidas del dimanantes serán de aplicación en todo o territorio nacional.

CAPÍTULO II

Obrigas e restriccións

Artigo 3. *Obrigas dos particulares e entes públicos.*

1. As persoas físicas ou xurídicas, propietarias ou arrendatarias de leiras ou predios, terán as obrigas seguintes:

a) Notificarlle inmediatamente ó órgano competente da comunidade autónoma a aparición de focos da praga, e proporciona-la información necesaria para a súa localización e unha estimación da súa extensión.

b) Facilitar en todo momento o acceso ás súas propiedades dos inspectores de sanidade vexetal e, se é o caso, das empresas adxudicatarias dos traballos de prospección ou tratamento fitosanitario.

c) Executa-las medidas obrigatorias do artigo 5 nas leiras ou predios en que a lagosta avive ou en que se detecte a presenza de poboacións importantes destas pragas, salvo que se dispoña o contrario de acordo co artigo 5.2.

2. A Armada e o Exército do Aire, coas reservas que poida implica-lo desenvolvemento das operacións militares, e a Mariña Mercante e a Aviación Civil, a través dos seus respectivos ministerios, comunicaranlle inmediatamente á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o avistamento polas tripulacións de naves ou aeronaves de nubes de individuos de lagosta en voo, masas destes sobre as augas